

A BIBLIOTECA ESCOLAR COMA CENTRO INCLUSIVO DAS APRENDIZAXES



CÓD. FPROFE: S2403001

COORD.: MARTA VALDERRAMA
• 981522411

• <cafi.zona4@edu.xunta.gal>

ONDE E CANDO:

• Salón do CIFP Compostela e, logo, aulas CAFI.

• 30/04 e 07/05, 16.30-20.30h.

DESCRICIÓN:

- Encontros para todos os corpos e especialidades.
- Terá prioridade o profesorado da zona CAFI.

OBXECTIVOS

1. Salientar a importancia da biblioteca escolar como ferramenta privilexiada para a atención á diversidade, especialmente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
2. Analizar as características dunha auténtica biblioteca inclusiva, no referente ao deseño de espazos, mobiliario equipamento, sinalización, e servizos.
3. Analizar estratexias, ferramentas e recursos, así como experiencias prácticas de valor que promovan unha biblioteca inclusiva como estratexia didáctica para atender a diversidade.

CONTIDOS:

1. Lectura e diversidade. Lectura en contextos de dificultade para a comprensión lectora.
2. Deseño de espazos accesibles e adecuados nunha biblioteca inclusiva.
3. Recursos, materiais e estratexias para o fomento da lectura en contextos de diversidade.
4. Experiencias en bibliotecas inclusivas e no fomento da lectura con alumnado ANEAE.

NIVEL

1

COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES:

- Competencia didáctica
 - Didácticas específicas e metodoloxías
 - Selecciona diferentes propostas didácticas e metodolóxicas, recoñecendo as características propias de cada unha delas en función da diversidade do alumnado.
 - Espazos, recursos e materiais de aprendizaxe
 - Identifica o papel que desempeñan a organización espacial e a selección de recursos e materiais no desenvolvemento de diferentes propostas metodolóxicas no contexto do seu centro educativo.

METODOLOXÍA:

- Reflexión e coloquios no Salón do CIFP o día 30/04 con:
 - Montse Pena Presas, membro da RAG, profesora de Didácticas Aplicadas na USC especialista na LIX, na educación literaria e nos libros de non ficción para a infancia.
 - Susana Peix, Bibliotecónoma e escritora especialista en accesibilidade e en materiais adaptados a necesidades lectoras.
- Obradoiros para pór en práctica o por que e o como das lecturas inclusivas, na tarde do 30/04.
 - As persoas asistentes dividiránse e dous grupos para asistir a un obradoiro con cada una das relatoras:
 - Con Montse, practicando para o por que da inclusión a través de varios recursos.
 - Con Susana, poñendo o foco no como integrar lecturas inclusivas na práctica cotiá.
- 3 obradoiros consecutivos de 1 hora e 20 min cada un, o mércores 07/05, cos que pór en práctica:
 - Recursos e ferramentas STEAM para a inclusión. Con Felo Couto e Rubén Molinero.
 - O uso dos espazos dende a BE co foco na inclusión, con Alejandra Souto e Manuel Andrade.
 - Prácticas cooperativas inclusivas na BE, con Alicia Nimo e Silvida Pérez Madariaga.

SEGUIMENTO:

- Das 8 horas só se pode faltar a 1,2h. para poder certificar (artigo 23 da ORDE do 14 de maio de 2013).
- Agardamos que vos levedes ao saídes da formación: recursos lectores que favorezan a inclusión; dinámicas que promovan a accesibilidade lectora; actividades concretas baseadas nun enfoque inclusivo da biblioteca escolar.
- Agardamos as vosas valoracións na enquisa de final de actividade en FPROFE. Son moi valiosas para nós. Grazas!